



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

EU SON UN LIBRO...

...un libro que ata fai pouco era feliz. Tivera un/ha don@ que me coidou con cariño, que aprendera os coñecementos que albergo no meu interior; participei na súa formación como cidadán/a do futuro; representaba, moi probablemente, diñeiro público invertido en educación, diñeiro de todos para construír unha sociedade mellor, máis preparada e máis humana.

Agora atópome sen ilusión, deixo de ser útil por decisións que aínda que, por máis que me esforzo, non logro comprender. Fágome miles de preguntas ...será que o río Miño xa non atravesa Galiza?, será que as faltas de ortografía xa non son importantes?, será que xa non hai que coñecer a Rosalía de Castro?, será que a hipotenusa non está no teorema de Pitágoras?, será que os carballos xa non son de follas caducas?, será que xa non precisamos inglés neste mundo globalizado?, será que o ouro xa non é un metal precioso?, será que xa hai a forza da gravidade vai deixar de existir?, será ...

Mírame ben, DE VERDADE, co corazón na man, cres que xa non son útil?, que non valgo para que outr@nen@ se forme connigo?, que os contidos do meu interior mudaron tanto ou xa non existen?...penso que non.

Pensando e pensando, si continuamente pensando...iso é o que probablemente nos falte PENSAR. Pensar que hai que educar @snen@s máis alá de formacións políticas, de crenzas relixiosas, de prexuízos inútiles que non levan a ningures...só a situacións como a miña e a de miles de compañeiros que coma min somos agora LIBROSDESAFIUZADOS.

Chegou o momento de educar de forma responsable, cada actor coas súas funcións...para que a obra final saía ben: NEN@Scon competencias para desenvolverse na VIDA. Eu non deixo de ser máis ca un instrumento para este fin, pero antes de pasar o meu último destino, quero que se me escoite...

QUERO

RECLAMAR un Consenso Educativo; ensinar como REDUCIR diferenzas e atopar coincidencias; a potenciar valores como coidar as cousas para ser REUTILIZADAS; a saber RECICLAR tamén as mentes se con iso todos conseguimos avanzar; a voltar a REDISTRIBUÍR os nosos papeis para que todos participen neste obxectivo; a REFLEXIONAR seriamente sobre o papel que xoga a Educación, porque o futuro d@snen@s non é un xogo, e por último RECHAZAR este sistema de cambios sen sentido.

Si son as 7 "R" que precisamos se queremos ser unha sociedade avanzada e responsable, que garante unha humanidade solidaria e un mundo sostible.

Se o motivo do meu desafiuzamento é porque non sirvo para acadar este obxectivos, entendereino e aceptareino de bo grado, porque non quero ser un obstáculo pero... se seguía servindo para acadar esas metas preguntate porque agora mesmo estou nas túas mans.

POLA DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

POLO CONSENSO EDUCATIVO

POLA VOLTA O PROGRAMA UNIVERSAL DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO